

## BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO

### \* Programa a interpretar \*

- Antonile ..... *Jo Mlex*
- Hércules - musical - ..... *Alan Merken*
- Contrasto Grosso..... *Jacob de Haan*
- Boleros Medley..... *J. Molina*
- Banda Galega..... *Felísindo P. Seara*

- DIRECTOR - Lourenço da Silva Cruz

Nace en Francia en 1977 no seo dunha familia de músicos, tendo o seu primeiro contacto coa trompeta en 1994.

Obtivo o título Superior de Trompeta e Música de Cámara nos Centros: "Escola profesional de Música de Viana do Castelo" e nos "Conservatorios de Música de Vigo e Madrid" e no "Conservatorio Rexional de Nantes" Francia. Traballou con prestixiosos profesores e participou en cursos de distintas especialidades.

Entre outras colaboracións, actuou como músico invitado en numerosas ocasións e con distintas orquestras como a "Orquestra Sinfónica de Viana do Castelo", a "Orchestre de Harmonie Ville Saint-Luce Nantes", a "Orquestra Académica de Oporto", "Orquestra de sopros de Guimaraes", a "Orquestra Filarmónica de Vila Real", a "Real Filharmonía de Galicia" (na que gañou por concurso a beca para a Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia), a "Orquestra Nacional dos Templarios de Tomar" (na que obtivo praza de solista por concurso público), entre outras.

Estivo como Director Artístico da "Banda Xuvenil e Cultural de Teo" e da "Banda de Música de Chapela", ca que conseguiu varios premios, e ca "Banda Municipal de Ribadeo", que logrou o terceiro posto no "I Certamen Nacional Villa de la Sènia" en Tarragona; ca mesma formación, grabou a B.S.O. da película "Os mortos van apresaa" de Ángel de la Cruz. Tamén foi Director Invitado en formacións como a "Banda Sinfónica do Alto Alentejo", a "Agrupação Musical 12 de Abril" ou a "Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas de Musica Populares".

ORGANIZA  
Banda de música

# BANDA DE MÚSICA DE SOBER

COLABORA



## CONCELLO DE SOBER


Federación  
Galega de  
Bandas de Música  
Populares

## FEDERACIÓN GALEGA DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES



CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

# certame de bandas



Praza do Concello

## SOBER

4 - abril - 2009

6 da tarde

## - HISTORIA DA BANDA - Ribadeo

Por iniciativa da Sociedad Filantrópico-Dramática nace hacia 1880 a Banda de Música de Ribadeo, dirixida nos seus inicios por D. Francisco Parra. As dificultades económicas foron unha constante na agrupación, disolvéndose en 1936 a causa da guerra.

En 1943 volve reorganizarse a banda, pero desaparece novamente nos anos 60.

En 1989 constitúese a Asociación Amadores da Música, co obxectivo de organizar e manter unha Banda de Música en Ribadeo, encargándose a súa creación e dirección a D. Hernán Naval Parapar, estreándose a nova banda en 1992. A Banda Municipal de Ribadeo, realiza anualmente unha programación estable de concertos en Ribadeo, incluíndo programas monográficos (música de cine, música religiosa, etc.) e outros coma o concerto "Aquí como en Viena". Tamén se organiza o Festival de Bandas dende 1995. Grabou o seu primeiro CD en 1997, cun importante éxito de vendas e crítica, ca participación do prestixioso pianista cubano Antonio Queija Uz. Durante a grabación do seu segundo CD, en 2001, falece Hernán Naval. A Banda de Ribadeo é dirixida dende entón por Marcel van Bree, Mariano Rivas, José Luis Álvarez e Bernardo Méndez.

Dende outubro de 2004 a Banda de Ribadeo está dirixida por Lourenço da Silva Cruz.

## BANDA-ESCOLA DE MÚSICA DE BOIRO

### \* Programa a interpretar \*

- Banda Sucre ..... G. Osomando
- ¡Airiños, aires! ..... Gustavo Fraire
- Concerto d'Amore..... Jacob de Haan
- Tango for a Toreador... Herman Chr. Snijders

### - DIRECTOR - José Luis Miranda Sueiro

No ano 2002 colle a dirección da Banda e entra como mestre de vento-metal e linguaxe musical D. Jose Luis Miranda Sueiro, antigo alumno da escola que aínda desempeña actualmente este cargo.

## - HISTORIA DA BANDA - Boiro

No ano 1980 a Corporación Municipal do Concello de Boiro aprobou unha subvención para axudar a formación dunha escola de música no municipio. Con esta axuda e a aportación económica dos alumnos creouse a Escola Municipal de Música, a partir da que nace, un ano despois, a Banda de Música Municipal, que se estreará en Semana Santa de 1984 baixo a batuta do Mestre D. Xosé Ramón España Lorenzo.


A Escola de Música foi dende sempre o principal nutrimento da Banda Municipal, formando dende os seus comezos a mozos de Boiro para incorporalos á agrupación.

No ano 1986, D. Ramón Boga colle a dirección da Banda, posto que o anterior director tivo que abandonar a súa labor na escola de música, e contratárase a un novo mestre, D. Olimpio Carril Rodríguez, quen se encargará de impartir clases de vento-madeira ata o ano 1991. Neste ano, quen recollerá a súa labor será o mestre D. Fernando Gontad Losada, quen aínda imparte hoxe en día clases na Escola de Música.

No ano 2002 colle a dirección da Banda e entra como mestre de vento-metal e linguaxe musical D. Jose Luis Miranda Sueiro, antigo alumno da escola que aínda desempeña actualmente este cargo.

Dende a súa primeira actuación en público ata hoxe, a Banda Municipal de Música de Boiro actuou en todos os actos sociais e culturais do Concello de Boiro, tamén fixo actuacións en programas da TVE e TVG como "Luar", "Galicia Enteira" ou "Desde Galicia para el Mundo" e participou en outros actos de relevante importancia como o I e III Festival de Bandas de Música Populares de Piedrahita (Ávila), I Festival de Bandas de Música de Ordes, o VI Festival de Bandas de Música de Guitiriz, Festival de Bandas Populares de Los Yébenes (Toledo), Festival de Bandas de El Romeral (Toledo), Festival de Bandas de Narón, e outras actuacións ao longo da xeografía galega.

A día de hoxe a Banda Municipal ofrece un concerto cada mes no Concello de Boiro e asiste tanto ós actos oficiais polos que é requerida polo concello como ós distintos festexos realizados nas parroquias de Boiro.



## BANDA DE MÚSICA DE SOBER

### \* Programa a interpretar \*

- Consuelo Císcar ..... Ferrer Ferrán
- Sitio de Zaragoza ..... C. Oudrid
- Cote d'Or..... Ferrer Ferrán  
- I - Dijon.  
- II - La Bourgogne.  
- III - Chalon dans la rue.
- Viño de Amandi..... Felisindo P. Seara

### - DIRECTOR - Miguel Franqueiro Becerra

Nace en Boqueixón en 1983, comezando a súa andaina musical como tubista en 1993 no seo da Unión Musical de Ponte Ledesma. En 1998 comeza estudos co mestre D. Rosendo Ibarra e no ano 2000 recibe clases de prestixiosos mestres coma Carlos Seráns ou Vicente Castelló e participa nunha xira por Italia. Entre o ano 2000 e 2002 forma parte da Xove Orquestra Sinfónica de Galicia, recibindo clases de prestixiosos profesores e participando en importantes concertos.

Como director, estréase ca Banda Xuvenil de Ponte Ledesma en 2003, que compaxina co seu traballo como mestre en varias escolas de música e ca colaboración en distintas agrupacións musicais.

É director da Banda de Música de Sober e profesor da Escola Municipal de Música dende 2006, ocupación que compaxina ca continuación da súa formación.

Este ano formará parte da Orquestra Xuvenil de Vento da Unión Europea.

### - HISTORIA DA BANDA - Sober - 140 aniversario -

Nas tres primeiras décadas do s. XX estiveron en activo tres bandas en Sober, a primeira creada en 1869, e Sober é un dous poucos lugares onde non deixou de soar a música de banda, xa que durante a Guerra Civil os músicos se seguiron xuntando a ensaiar e, xa nos anos 60, ca formación das orquestras de baile que provocaron a desaparición da Banda de Sober (na que se fusionaran nos anos 30 dúas das bandas), a Banda da parroquia de Santa Cruz continuou a súa labor. A actual Banda de Música de Sober é froito da creación en 1975 dunha Escola de Música con rapaces de Sober, Proendos e arredores que, unha vez formados, se integraron na Banda de Santa Cruz, dende entón: Banda Música de Sober, que hoxe conta con medio cento de compoñentes.